



PREGO TÉCNICO

CONCERTO SOCIAL PARA A XESTIÓN DUN SERVIZO DE PUNTO DE ENCONTRO FAMILIAR EN LALÍN, VERÍN E CERVO, INCLUÍNDO UN PROGRAMA DE FORMACIÓN E APOIO Á PARENTALIDADE POSITIVA

1. OBXECTO DO CONCERTO

O presente procedemento ten por obxecto establecer un acordo de acción concertada para a xestión dun servizo de punto de encontro familiar en Lalín, Verín e Cervo, incluíndo un programa de formación e apoio á parentalidade positiva.

2. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA DO CONCERTO

O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia e da infancia no título competencial xenérico de asistencia social (artigo 27.23).

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establece :

- no artigo 32 que o apoio familiar é un proceso encamiñado a facilitar unha dinámica familiar positiva, a solución de problemas e a toma de decisións, ademais de potenciar e desenvolver os recursos familiares.
- no artigo 33 sinala que a finalidade do apoio familiar é o fortalecemento, o enriquecemento e a mellora da calidade de vida das persoas no seo familiar e da familia como grupo.
- no artigo 36 que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos adecuados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posibles, tanto a través das novas tecnoloxías como na modalidade de atención presencial. En concreto, a través dos departamentos competentes en materia de familia e xustiza, constituirá servizos de apoio e atención ás familias a través das tecnoloxías da información e a comunicación e promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, garante a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de





visitas. Tamén dispón que as normas e os requisitos aos que terán que axustarse os puntos de encontro familiar estableceranse regulamentariamente.

A aplicación da Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código Civil e se determina o procedemento a seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio e a Lei 15/2005, do 8 de xullo, pola que se modifican o Código Civil e a Lei de axuízamento civil en materia de separación e divorcio veñen poñendo de manifesto a insuficiencia dos instrumentos procesuais que o ordenamento xurídico ofrece para a resolución dos conflitos derivados das rupturas familiares, sobre todo no que se refire a salvagarda do interese superior das e dos menores para manter relacións coas persoas proxenitoras non custodias e a súa familia, á marxe da ruptura parental.

O Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, establece as condicións mínimas que deben cumprir os puntos de encontro familiar que desenvolvan a súa actividade en Galicia, dende os seus obxectivos e os principios de actuación, os dereitos e deberes das persoas usuarias, o procedemento de acceso e as formas de intervención, requisitos materiais e funcionais dos puntos de encontro familiar, ata as autorizacións, a inspección e o réxime sancionador aplicable.

A Recomendación (2006) 19, do Comité de Ministros do Consello de Europa aos estados membros, sobre políticas de apoio ao exercicio positivo da parentalidade alenta aos estados a recoñecer a importancia que revisten as responsabilidades das nais e dos pais, e a necesidade de prestarlles suficiente apoio para criar ás súas fillas ou aos seus fillos. Recomendase que se establezan todas as medidas necesarias co obxecto de crear as mellores condicións posibles para a parentalidade positiva, así como a promoción da mediación familiar, o coidado das nenas e/ou nenos e a súa participación na vida familiar e social.

O Decreto 229/2020, de 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no artigo 10.2.c), a necesidade dun prego técnico no que se fixarán as condicións técnicas e materiais do concerto social, en particular, aqueles elementos técnicos, recursos materiais e humanos e aspectos organizativos e de funcionamento adicionais ou por riba dos mínimos establecidos na normativa sectorial de aplicación para a correspondente autorización ou acreditación de funcionamento.

Co presente concerto trátase de dotar dun servizo de proximidade, dirixido a dar resposta ás necesidades de atención das familias de Lalín, Verín, Cervo e localidades próximas, derivadas polos xulgados e equipos técnicos de menores ao punto de encontro familiar así como aquelas que sexan propostas para participar no proxecto de formación e apoio á parentalidade positiva.





3. DEFINICIÓN DOS SERVIZOS

3.1 Servizo de punto de encontro familiar

Enténdese por punto de encontro familiar o servizo que facilita, preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situación de crise, procura a seguridade e o benestar das e dos menores, favorece a relación coas súas familias e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

O punto de encontro familiar constitúe un equipamento social, de carácter neutral especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer as relacións entre as e os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas interrómpeuse ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

Os tipos de intervención que se realizan no punto de encontro, respecto da execución do réxime de vistas son:

- Entregas e recollidas das e dos menores: consisten na intervención das e dos profesionais nos momentos en que os familiares acoden ao servizo para entregar ou recoller a ou o menor no desenvolvemento do réxime de visitas. Nestes casos, o punto de encontro familiar actúa como intermediario e supervisor desas entregas e recollidas
- Visitas tuteladas: son aquelas que se desenvolven de forma controlada baixo a supervisión e presenza continuada dun/unha profesional do equipo técnico do servizo e por un tempo máximo de dúas horas.
- Visitas supervisadas: son aquelas que se desenvolven no PEF, por un tempo máximo de dúas horas, sen a presenza continuada do equipo técnico, especialmente en casos nos que o/a proxenitor/a que ten o dereito de visita careza de vivenda na localidade.

Ademais do cumprimento do réxime de visitas establecido, nos puntos de encontro familiar levaranse a cabo outras intervencións complementarias:

- Deseño e desenvolvemento dun programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e as e os menores, que teña como obxecto final conseguir a normalización das relacións familiares.
- Orientación e apoio familiar proporcionando información, atención e asesoramento ás persoas proxenitoras e ás e aos menores, propiciando o desenvolvemento de relacións materno/paterno-filiais axeitadas e a creación de relacións familiares óptimas e de actitudes positivas.





- Intervención en negociación e aplicación de técnicas mediadoras. O equipo técnico poderá, se o considera axeitado e conta coa vontade das partes, intervir aplicando técnicas mediadoras para conseguir acordos que permitan adecuar o réxime de visitas establecido pola autoridade á realidade familiar, así como para favorecer o exercicio da coparentalidade.
- Intervencións encamiñadas a reducir o impacto da nova situación familiar e preparar as persoas proxenitoras e as súas fillas e fillos para que as relacións entre eles se cheguen a realizar de forma normalizada e coas maiores garantías posibles.
- Rexistro e documentación das actividades realizadas.

No desenvolvemento das súas funcións os puntos de encontro familiar terán os seguintes obxectivos:

- a) Favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental das fillas e dos fillos a manter a relación con ambas as dúas persoas proxenitoras despois da separación, establecendo os vínculos necesarios para o seu bo desenvolvemento psíquico, afectivo e emocional.
- b) Facilitar o encontro das fillas e fillos coa persoa proxenitora non custodia e, de ser o caso, coa súa familia extensa.
- c) Acadar a normalización das relacións familiares de xeito que o recurso chegue a resultar innecesario para a familia.
- d) Procurar a seguridade das e dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr situacións de violencia.
- e) Favorecer e potenciar nas fillas e fillos unha boa relación coas súas persoas proxenitoras, co contorno da persoa proxenitora non custodia e coa súa familia extensa.
- f) Potenciar que as fillas e fillos expresen con liberdade e sen medo os seus sentimentos e necesidades fronte a ambas as dúas persoas proxenitoras.
- g) Facilitar orientación profesional para mellorar as relacións materno/paterno-filiais e as habilidades parentais de crianza.
- h) Informar e derivar as persoas interesadas aos servizos especializados encargados da protección e da asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero nos termos establecidos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.





- i) Dispoñer de información fidedigna sobre as actitudes e aptitudes parentais que axuden a defender, se for necesario, os dereitos das e dos menores noutras instancias administrativas ou xudiciais.

Os principios de actuación, os dereitos e deberes das persoas usuarias, o procedemento de acceso e fases da intervención axustaranse ao establecido no Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.

3.2 Servizo de formación e apoio á parentalidade positiva

Por outra banda, a parentalidade positiva defínese como «o comportamento dos pais e nais fundamentado no interese superior do neno/a, que coida, desenvolve as súas capacidades, non é violento e ofrece recoñecemento e orientación que inclúen o establecemento de límites que permitan o pleno desenvolvemento dos nenos/as», segundo se explica na Recomendación (2006) 19, do Comité de Ministros do Consello de Europa.

Polo tanto, o obxectivo da tarefa de ser pais e nais, en calquera circunstancia, é o de promover relacións positivas entre eles e os seus fillos e fillas, fundadas no exercicio da responsabilidade parental, para garantir os seus dereitos no seo da familia e optimizar o desenvolvemento potencial dos nenos e nenas e/ou seu benestar. En particular, a parentalidade positiva en casos de ruptura da relación é clave para minimizar o impacto desta nos fillos e fillas e garantir o seu benestar emocional.

En consonancia coa labor desenvolvida nos PEF, o programa de formación e apoio á parentalidade positiva deberá incidir, segundo o establecido no artigo 32 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, nos seguintes niveis do apio familiar:

- a) Informativo, facilitándolles ás familias a información necesaria para favorecer unha mellor comprensión do medio e dos recursos dispoñibles.
- b) Educativo e formativo, proporcionándolles ás familias os medios necesarios para o desenvolvemento integral das súas funcións e das súas habilidades, fortalecendo os vínculos do sistema familiar e facilitando que a dinámica individual e familiar sexa creativa, eficaz e enriquecedora.
- c) Preventivo, de preparación perante as distintas etapas ou situacións polas que pasan as familias no seu ciclo vital.

O programa de formación e apoio á parentalidade positiva terá como principios de actuación xerais aqueles que conforman a columna vertebral sobre a que se sustenta o exercicio dunha parentalidade positiva e responsable:

- Vínculos afectivos cálidos, protectores e estables para que os/as menores se sentan aceptados e queridos.





- Contorna estruturada, que proporciona modelo, guía e supervisión para que os e as nenos e nenas aprendan as normas e valores.
- Estimulación e apoio á aprendizaxe cotiá e escolar para o fomento da motivación e das súas capacidades.
- Recoñecemento do valor dos fillos e fillas, mostrar interese polo seu mundo, validar as súas experiencias, implicarse nas súas preocupacións, responder as súas necesidades.
- Capacitación dos fillos e fillas, potenciando a súa percepción de que son axentes activos, competentes e capaces de cambiar as cousas e influír sobre os demais.
- Educación sen violencia, excluindo toda forma de castigo físico ou psicolóxico degradante, por considerar que o castigo corporal constitúe unha violación do dereito do menor ao respecto da súa integridade física e da súa dignidade humana.

Deste xeito trátase de lograr cambios na familia que melloren as funcións de coidado, protección e educación e redunden en máis oportunidades de desenvolvemento para as/os menores a cargo.

O programa de formación e apoio á parentalidade positiva implicará todo o conxunto de medidas adoptadas para o apoio, acompañamento e orientación ás familias e ás persoas que a integran, co fin de favorecer o adecuado exercicio das funcións parentais, promover as competencias das familias e o desenvolvemento óptimo da vida familiar e social.

O programa de formación e apoio á parentalidade positiva terá como principal obxectivo o de impulsar o exercicio positivo das responsabilidades familiares, promovendo o desenvolvemento nos pais e nais das habilidades e competencias axeitadas para o exercicio das súas responsabilidades de coidado, atención e educación dos seus fillos e fillas. Procurarase que adquiran estratexias persoais, emocionais e educativas que lles permitan implicarse dun modo eficaz na construción dunha dinámica de convivencia familiar positiva.

Sendo os seus obxectivos específicos:

- Comprender o comportamento humano para poder entender as relacións que se establecen entre pais e nais e fillos/as.
- Recoñecer os factores que afectan ás emocións e sentimentos dos fillos/as e dos pais e nais.
- Estimular o desenvolvemento persoal dun modo efectivo.
- Contribuír a mellorar os procesos de comunicación entre pais e nais e fillos/as.





- Desenvolver habilidades de escoita, de resolución positiva de conflitos, de negociación e de toma de decisións.
- Aprender a previr problemas de comportamento e disciplina.
- Aprender a previr e resolver problemas que supoñen retos para os pais e nais (consumo de droga, embarazos en etapa adolescente, etc).

As competencias que deberán traballarse son as que a continuación se relacionan:

Competencias	Descrición
Educativa	• Calidez e afecto nas relacións • Control e supervisión do comportamento infantil • Estimulación e apoio ao aprendizaxe • Adaptabilidade ás características da nena ou neno
Axencia parental (competencias que permiten aos pais e nais sentirse axentes protagonistas, activos, capaces e satisfeitos no seu rol)	• Autoeficacia parental • Locus de control interno • Acordo na parella • Percepción axustada do rol parental
Autonomía persoal, procura de apoio social	• Implicación na tarefa educativa • Responsabilidade ante o benestar da nena ou neno • Visión positiva da nena ou do neno e da familiar • Procura axuda de persoas significativas • Identificar e empregar os recursos para cubrir as necesidades como nais, pais e como persoas adultas
Desenvolvemento persoal	• Control dos impulsos e afrontamento do estres • Asertividade e autoestima





	• Habilidades sociais • Resolución de conflitos interpersoais • Capacidade para responder a múltiples tarefas • Planificación e proxecto de vida
--	--

(Guía de Boas Prácticas en Parentalidade Positiva, un recurso para apoiar a práctica profesional con familias, editada pola FEMP e o Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, ano 2015)

A formación será presencial e levarase a cabo nas instalacións do punto de encontro familiar, en horario que non interrompa outras intervencións.

Terá formato de talleres experienciais, nos que se abarquen diversos campos de interese tanto para as familias como para o conxunto da comunidade, entre os cales, indicar: fomento da corresponsabilidade doméstica e da educación dos fillos/as, desenvolvemento de hábitos de alimentación saudables, prevención do consumo de drogas, fomento da lectura e de hábitos de estudo, prevención do abandono e/ou fracaso escolar, utilización adecuada do tempo de lecer.

4. PERSOAS USUARIAS

4.1. Servizo de punto de encontro familiar

Poden ser persoas usuarias do punto de encontro familiar, sempre que así o estableza unha resolución xudicial ou administrativa, os membros das familias en que exista algún tipo de problema relacionado co cumprimento do réxime de visitas, así como os integrantes de familias nas que existan situacións de violencia que supoñan un risco para calquera dos seus membros durante o cumprimento do réxime de visitas.

Serán usuarias do punto de encontro familiar as persoas que teñan un dereito de visita dunha ou dun menor con domicilio en Galicia ou ben un dereito de visita que se deba desenvolver en Galicia.

4.2. Servizo de formación e apoio á parentalidade positiva.

Poden ser persoas usuarias, aquelas derivadas ao programa de formación e apoio á parentalidade positiva polos servizos sociais comunitarios e os servizos especializados de protección de menores e de familia.





5. CALENDARIO E HORARIO

O servizo de punto de encontro familiar funcionará os doce meses do ano durante un mínimo de 4 días a semana, debendo incluír o venres, sábado e domingo, e cando menos abrirá oito horas diarias en xornada partida ou continuada. Permanecerá pechado os días 25 de decembro e 1 de xaneiro.

O punto de encontro poderá pechar 15 días durante o mes de agosto logo de reorganizar as intervencións previstas para ese período e logo de autorización previa da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Respectando estes mínimos, o PEF poderá determinar o seu calendario e horario en función da demanda existente.

O programa de formación e apoio á parentalidade positiva desenvolverase dentro do horario de apertura do punto de encontro.

A/s entidade/s concertada/s presentará/n unha programación anual para o desenvolvemento do programa de formación e apoio á parentalidade positiva indicando calendario e horarios das actividades formativas, que será compatible coas intervencións do servizo de punto de encontro.

6. RECURSOS HUMANOS

6.1. Equipo de traballo

Un equipo de traballo multidisciplinar composto por un mínimo de 3 profesionais, de dous perfís formativos diferentes de entre as seguintes disciplinas: psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social.

Todos/as as/os profesionais integrantes do equipo de traballo deberán ter experiencia e/ou formación acreditada en igualdade e na atención, intervención e orientación das e dos menores e das familias.

Deberán estar en posesión, de acordo co artigo 57 da Ley orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia, de certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos.

Unha das persoas do equipo técnico desempeñará a función de coordinador/ a do traballo do equipo e das relacións coas administracións, xulgados, servizos sociais comunitarios e os servizos especializados de protección de menores e de familia. A persoa coordinadora deberá ter experiencia mínima acreditada de 2 anos dentro dos últimos 10 no ámbito de familia e infancia.

O equipo de traballo adicará ao servizo un mínimo de **96** horas de traballo semanais.





6.2. Cuestións de carácter xeral

En todos os casos, durante o horario de apertura, nos centros deberán estar sempre presentes, polo menos, dúas persoas do equipo técnico.

A/s entidade/s concertada/s achegará/n os medios persoais necesarios para a execución dos distintos servizos obxecto do concerto social. Deberá/n poñer a disposición o persoal necesario coa adecuada preparación técnica para atender ás persoas usuarias. Terá/n ao seu cargo a organización, xestión e dirección do persoal contratado para o efecto sen que isto supoña ningún vínculo laboral co persoal da Xunta de Galicia, que quedará exonerada de calquera responsabilidade que se puidese xerar entre o devandito persoal e a/s entidade/s contratante/s do/s mesmo/s.

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá comprobar en calquera momento o cumprimento dos requisitos de persoal vinculados aos centros en virtude do concerto, mediante o requirimento dos documentos RLC e RNT das persoas traballadoras, ou mediante a comprobación *in situ* a través dos servizos de inspección.

Polo que respecta á provisión de vacantes de persoal producidas por baixas no cadro de persoal, a/s entidade/s concertada/s aterase/n á normativa vixente e comunicaranlle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e á Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Centros de Servizos Sociais todas as variacións que se produzan no seu cadro de persoal ao longo da vixencia do concerto no prazo máximo dun mes.

A/s entidade/s nomeará/n para cada centro a unha persoa do equipo técnico que exercerá a coordinación do punto de encontro, do traballo do equipo e das relacións coas distintas administracións.

Para os efectos de garantir a debida coordinación coas entidades mencionadas, a/s entidade/s presentará/n o sistema de substitución, localización e gardas da persoa coordinadora do PEF, indicando a forma e os medios de contacto permanente tanto coa administración como co equipo técnico que preste servizos no PEF.

6.3. Funcións do persoal

As funcións do persoal axustaranse en todo caso ao disposto no Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.

O labor do persoal debe adaptarse á metodoloxía aprobada nos correspondentes protocolos de desenvolvemento dos servizos e realizarán as seguintes funcións:

- a) Realizar os distintos tipos de intervención e accións complementarias ao réxime de visitas que se recollen no Decreto 96/2014, do 3 de xullo.
- b) Desenvolver a formación e apoio á parentalidade positiva de acordo co proxecto presentado.

Complexo Administrativo San Caetano s/n – Edificio 8 B
15781 – Santiago de Compostela
Tfno. 981 544 655
dxfamilia.politicasocial@xunta.gal
www.xunta.gal





- c) Procurar a seguridade das e dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas establecido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, de acordo cos tipos de intervención que se realizan nos puntos de encontro familiar.
- d) Proporcionar orientación, asesoramento e seguimento ás familias co obxecto de acadar que o punto de encontro familiar chegue a resultar innecesario para a familia.
- e) Realizar entrevistas iniciais, de seguimento e evolución do proceso de intervención.
- f) Emitir informes de seguimento e cantos informes sexan necesarios, ou se lles soliciten tanto dende o órgano derivante como do solicitante.
- g) Coordinar cos órganos derivantes e solicitantes todas as actividades realizadas no dispositivo.
- h) Elaborar a memoria anual de todas as actuacións levadas a cabo no dispositivo segundo as instrucións da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica dentro do prazo que en cada caso se lle indique.
- i) Aquelas outras actuacións necesarias para un bo funcionamento do servizo.

.4. Voluntariado e persoas en prácticas

Logo da autorización do órgano competente en materia de autorización e inspección da Consellería de Política Social e Igualdade, o PEF poderá contar con persoas voluntarias ou en prácticas para desenvolver tarefas complementarias de apoio ao equipo técnico e sempre baixo a supervisión deste.

As persoas voluntarias deben ter, polo menos, a titulación académica necesaria para intervir no PEF.

Deberán estar en posesión, de acordo co artigo 57 da Ley orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia, de certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos.

A participación e o réxime xurídico do voluntariado virán determinados pola lexislación que lles sexa aplicable.

7. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E RECURSOS MATERIAIS

7.1. Requisitos xerais

Os centros deberán cumprir os requisitos xerais establecidos no artigo 7 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización,





acreditación e a inspección de servizos sociais en Galicia, así como os requisitos específicos que se sinalan no punto 7.2.

A/s entidade/s concertada/s achegará/n para os centros o material lúdico e educativo necesario para as diferentes idades, así como outros materiais necesarios para desenvolver o servizo de punto de encontro, tendo en conta o disposto no capítulo IV do Decreto 96/2014, do 3 de xullo, relativo aos requisitos materiais e de funcionamento dos puntos de encontro familiar.

Igualmente, a/s entidade/s concertada/s, achegará/n o material necesario para o desenvolvemento do proxecto de formación e apoio á parentalidade positiva de acordo coa programación anual.

O material lúdico e deportivo achegado pola/s entidade/s debe axustarse ao ofertado, de acordo cos criterios de selección e preferencia que se detallan no apartado 0 da resolución da convocatoria.

A/s entidade/s concertada/s deberá/n velar polo bo uso dos inmobles, do mobiliario e da totalidade do seu equipamento, incluído o funxible. Correrán por conta da/s entidade/s os danos que se causen nos locais e nas instalacións que se poñan á súa disposición, así como no resto de materiais necesarios para o desenvolvemento do servizo.

A/s entidade/s concertada/s deberá/n subscribir as pólizas de seguros que veñen detalladas no apartado k.3 da convocatoria do concerto.

7.2. REQUISITOS ESPECÍFICOS

7.2.1. Requisitos materiais

Os centros cumpren cos requisitos xerais establecidos no artigo 7 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro.

7.2.2. Requisitos funcionais

Os equipamentos dedicados ao servizo de punto de encontro deberá cumprir, ademais dos requisitos xerais establecidos no artigo 7 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, os seguintes requisitos funcionais:

- a) Terá unhas normas de funcionamento debidamente visadas a disposición das persoas usuarias que recollerán como mínimo: a actividade que se desenvolve, as normas de uso, os dereitos e deberes das persoas usuarias, a organización de persoal, os horarios de funcionamento e, de ser o caso, os prezos públicos ou tarifas aplicables.





- b) Disporá dun sistema de rexistro de entrada e saída das persoas usuarias do PEF que será asinado polas persoas proxenitoras, titoras/é ou gardadoras/é e persoas adultas con dereito de visita no momento de entrada e saída das e dos menores.

Ademais, contarán cun sistema de rexistro por sesión das persoas participantes no programa de formación e apoio á parentalidade positiva.

7.3. TITULARIDADE DOS CENTROS

A Xunta de Galicia porá a disposición da/s entidade/s concertada/s os inmobles para a execución do servizo de punto de encontro familiar en Lalín, Verín e Cervo e o desenvolvemento do programa de formación e apoio á parentalidade positiva.

Os inmobles están situados nos seguintes enderezos:

PEF de LALÍN	Rúa Manuel de Rivero, nº5. 36500 Lalín (Pontevedra)
PEF de VERÍN	Camiño Balneiro de Sousas, nº5-6-7. 32627 Verín (Ourense)
PEF de CERVO	Rúa do Muíño, nº2 . 27891 Cervo (Lugo)

A cesión farase a título de uso privativo para a execución dos servizos e a utilización destes inmobles pola/s entidade/s concertada/s terá un mero carácter instrumental para a execución do concerto e queda circunscrito á súa vixencia, sen que poidan alegar dereito ningún, nin usalos para outro fin distinto do previsto neste prego.

A administración achegará o mobiliario e o equipamento básico dos centros e a/s entidade/s concertada/s deberá/n facerse cargo de completar este equipamento cos utensilios e bens de consumo necesarios para poñer en funcionamento o servizo.

Ao termo do contrato ou das súas prórrogas a/s entidade/s concertada/s deberá/n entregar á administración tanto o material existente ao comezo da prestación do servizo como o que incorporen durante a súa execución (ou o que, de ser o caso, o substitúa).

8. RÉXIME ECONÓMICO E PAGO Á/ÁS ENTIDADE/S CONCERTADA/S

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica aboará o custo mensual do servizo á/s entidade/s concertada/s logo da presentación mensual da correspondente factura e tras a conformidade do órgano da administración correspondente. A dita factura debe vir acompañada da documentación sinalada no apartado S.3 da resolución de convocatoria.





O órgano responsable do concerto poderalle esixir á/s entidade/s concertada/s a xustificación das obrigacións laborais e tributarias en calquera momento.

9. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A/s entidade/s concertada/s estará/n obrigada/s ao seguimento das normas sobre confidencialidade de datos, declarará/n documentalmente que se responsabiliza/n de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco da prestación do servizo realizárase de conformidade coas instrucións da Consellería de Política Social e Igualdade, con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais así como no que resulte de aplicación o Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Será de aplicación o establecido no artigo 20.r) do Decreto 229/2020, de 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

En caso de incumprimento do estipulado, a/as entidade/s contratante/s e as/os técnicas/os destacados serán responsables das infraccións que se deriven diso.

10. PUBLICIDADE

A/s entidade/s concertada/s:

- Empregarán obrigatoriamente en todo tipo de comunicacións, documentos, medios de publicidade, etc. relacionados coas actuacións descritas, os logotipos de identificación corporativa da Xunta de Galicia, indicando que o PEF depende da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia.
- Deberán colocar, pola súa conta e nun sitio visible no acceso aos locais no que se preste o servizo e coa conformidade da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, unha placa de identificación do servizo na que consten a denominación e a identificación corporativa do órgano contratante.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

